

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 23, 1-12

Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos e mais á xente:

– «Na cátedra de Moisés sentaron os letrados e mais os fariseos. Facede, logo, e cumpride canto vos digan, pero non imitedes a súa conduta porque falan pero non cumpren.

Atan fardos pesados e cánganos no lombo dos outros, pero eles nin un dedo poñen para os mover.

Todo o que fan é para que os vexan: visten aparatosamente, ancheando as filacterias e as franxas dos seus mantos; buscan os primeiros postos nos banquetes e os primeiros asentos nas sinagogas; que lles fagan reverencias nas rúas e que lles chamen "mestre".

Pero vós non vos fagades chamar "mestre", pois un só é o voso Mestre, e todos vós sodes irmáns. E a ninguén na terra chamedes "pai", porque un só é o voso Pai, o celestial. Nin tampouco vos fagades chamar "guieiros", porque un só é o voso Guieiro, Cristo. O máis importante entre vós ha de ser servidor voso.

Porque quen se enaltece será humillado, e quen se humilla, será enaltecido.»